

# Refraneiro do Magosto

As castañas que  
despois do San  
Martíño quedan  
no souto, son do  
moucho

Quen non sabe  
mañas, non come  
castañas

Castañas  
que queiras  
comer,  
ponas  
axiña a  
cocer.

Por San Martíño  
faise o Magosto  
con castañas  
asadas e viño ou  
mosto.

## Magosto 2021




**Venres 12 de novembro**

## Celebramos o Magosto

O venres 12, se o tempo o permite, celebramos o Magosto no cole. Asaremos unhas castañas e comerémolas no recreo.

Para esta celebración necesitamos da vosa colaboración:

- Trae unha presa de castañas **xa picadas**. Podes traelas **o día 10 ou 11**.
- Fai un recipiente para recoller as castañas. Na páxina seguinte tes as instrucións.
- Se algunha familia pode achegar algo de leña para facer o lume, que se poña en contacto co centro e pregunte por Sandra (coordinadora EACE).
- **IMPORTANTE:** se algún neno ou nena non pode comer castañas, comunicádeo ao centro por escrito.
- Se o venres chove, faremos o Magosto o seguinte día lectivo sen choiva.




Moitas grazas pola vosa colaboración.

## Un cestiño para as castañas

Para poder degustar as castañas no cole pedímosvos que elaboredes en familia o voso cestiño para o magosto. Só precisades un brick de leite e seguir estas instrucións.

1.- Corta un cartón de leite pola metade.




2.- Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.




3.- Engancha un cordel longo nos furados que fixeches.

Un lado serve para as castañas e outro para as tonas.



4.- Adorna e decora a túa caixa. Podes empregar técnicas diferentes: coloreala con témperas ou rotuladores, forrala con papeis de cores, poñerlle pegatinas...



Xa tes a caixa lista para encher de castañas asadas!